MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES:

ASOCIACION DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO DE LUGO (ADACE LUGO)

2017

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

1. ¿QUÉ É O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO (DCA)?……..…3

2. ADACE LUGO (ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO DE LUGO)…...4
2.1.- FNS E OBXECTIVOS DE ADACE……...5
2.2.- SOCIOS……...7
2.3.- XUNTA DIRECTIVA……..8
2.4.- EQUIPO TÉCNICO…….8

3. ACTIVIDADES DURANTE 2017……..9
3.1.- PROGRAMAS DE ADACE LUGO……9
3.2.- CENTRO DE DIA TERAPÉUTICO DE MEDIA ESTANCIA……11
3.3.- PROGRAMA DE AUTONOMIA PERSOAL E RECUPERACIÓN FUNCIONAL…….13
3.4.- OCIO E TEMPO LIBRE……17

4.- OUTRAS ACTIVIDADES…...…….22
4.1.- ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E CAPTACIÓN DE FONDOS……..22
4.2.- DIA DO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO…….……24

5.- TRANSPARENCIA……..…….26
5.1.- COLABORACIÓNS ……...……..26

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

1.- ¿ QUE É O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO (DCA)?

A Federación Española de Dano Cerebral (FEDACE) define o DANO CEREBRAL ADQUIRIDO (DCA) como: *"Lesión que se produce nas estruturas cerebrais de xeito súbito en persoas que, nacendo sen ningún tipo de dano no cerebro, sofren nun momento posterior da súa vida, lesións no mesmo como consecuencia dun accidente ou dunha enfermidade (TCE, ACV, tumores cerebrais, patoloxías infecciosas,…)"*

O DCA pode ser de orixe traumático ou por enfermidade.

As principais **causas** son:

- Traumatismos craneoencefálicos (TCE), secundario no 80% dos casos a un accidente de tráfico, e afectando fundamentalmente ás persoas máis novas.
- Accidentes cerebro-vasculares (ACV), secundarios a isquemia ou a hemorraxias cerebrais (tromboses, embolias, malformacións).
- Tumores cerebrais.
- Encefalopatías anóxicas por parada cardiorrespiratoria.
- Enfermidades neurodexenerativas que poden afectar ás estruturas do sistema nervioso e cursen con afectación cerebral.

As ***consecuencias*** que trae consigo o dano cerebral cando este é sobrevido poden dar lugar a trastornos e/ou secuelas físicas, sensoriais (que son as máis facilmente observables), cognitivas (problemas de atención, memoria, linguaxe…), afectivo- comportamentais (alteracións do humor e da personalidade, impulsividade, conduta infantil…), cunhas consecuencias na propia persoa afectada (dificultades no desempeño de actividades da vida diaria, laboral, relacións sociais…) e na súa familia (ademais do forte impacto estresor logo do accidente ou enfermidade; en moitos casos terán que proporcionar apoio e asistencia o seu familiar o longo do tempo).

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

2.- ADACE LUGO (ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO DE LUGO)

Adace-Lugo *é* unha asociación sen ánimo de lucro, de ámbito provincial, formada por persoas afectadas de dano cerebral adquirido (DCA), as súas familias e outros colaboradores. A sede social está situada na cidade de Lugo, tendo alugado un local totalmente accesible e adaptado para persoas con mobilidade reducida, sendo moi amplo, o que permite realizar unha gran variedade de actividades.

Os datos de contacto son:

- Avda. Adolfo Suarez, nº4, local B. (27003 Lugo)
- Tlf/ Fax: 982.24.3503 e móbil: 663.08.53.91
- O correo electrónico é correo@adacelugo.org e a páxina web www.adacelugo.org, que este ano renovamos íntegramente, para facela máis dinámica e que ofrezca máis información.

ADACE-Lugo constituíuse legalmente o 12 de Xaneiro do ano 2006, completándose así o tecido asociativo de afectados de dano cerebral sobrevido na Comunidade Autónoma galega, sendo o resto de asociacións as seguintes:

- SARELA en Santiago de Compostela
- ADACECO en A Coruña
- ALENTO en Vigo
- RENACER en Ourense

Estas 4 entidades, xunto coa nosa, pertencen a Federación Galega de Asociacións de Dano Cerebral Adquirido (FEGADACE). Dita federación xurde por iniciativa das propias asociacións de Galicia ante a demanda social e a falta de recursos específico coa que nos atopamos actualmente na nosa comunidade; sendo tamén a canle de representación dos afectados de Galicia en diversas esferas da vida política, social,… tanto a nivel autonómico coma a nivel nacional.

ADACE LUGO abarca a diversa extensión da provincia de Lugo, tendo a súa sede na cidade amurallada. O longo destes anos fóronse creando unha serie de servicios sempre encamiñados a cubrir as necesidades dos nosos usuarios e familias. Estas actividades poden englobarse en dous grandes grupos de traballo , por un lado as actividades rehabilitadoras e por otros as actividades sociais e integradoras .

Desde maio do ano 2009 pertencemos a Federación Española de Dano Cerebral Sobrevido (FEDACE) , xunto coas asociacións de Dano Cerebral da nosa Comunidade.

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

2.1.- FINS E OBXECTIVOS DE ADACE LUGO

Os ***fins*** primordiais de ADACE-Lugo son:

- Promover a acollida, información, orientación e asesoramento a familiares, afectados, profesionais e entidades relacionadas co dano cerebral sobrevido.
- Promove-la defensa dos dereitos, a rehabilitación, integración, normalización social e a mellora da calidade de vida das persoas afectadas de dano cerebral sobrevido.
- Concienciar á sociedade en xeral e á Administración Pública dos problemas e necesidades que sofren as persoas con dano cerebral sobrevido e as súas familias.
- Promocionar os servizos sanitarios, asistenciais, educativos, laborais, residenciais, sociais e lúdicos necesarios e axeitados para cubri-las necesidades das persoas afectadas de dano cerebral sobrevido.
- Cooperar con outras asociacións, entidades e profesionais relacionados co dano cerebral sobrevido.
- Promocionar estudios epidemiolóxicos e de campañas informativas e preventivas sobre dano cerebral sobrevido.
- Reivindicar no nome dos afectados os dereitos destes diante das institucións públicas e privadas.
- Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, contribúa á realización dos obxectivos da Asociación ou redunde en beneficio dos afectados/as e da comunidade á que pertencen.



ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

Obxectivos de ADACE LUGO:

- *XERAIS:*

- Presenta-la asociación e dar a coñecer a súa labor.

Promocionar unha iniciativa social a favor dos dereitos das persoas afectadas de DCS

Ofrecer información, asesoramento, apoio,.. a afectados e familiares; prestándolles os servizos máis axeitados e necesarios.

- *ESPECÍFICOS:*
  - A integración social, educativa, laboral,… das persoas afectadas por un Dano Cerebral.
  - A promoción dos servizos sanitarios, asistencias, educativos, formativos…, para cubri-las necesidades dos afectados
  - A reivindicación en nome dos afectados dos seus dereitos ante as Administracións, tanto públicas coma privadas.
  - Proporcionar actividades de rehabilitación e de ocio para os socios afectados por un Dano Cerebral Sobrevido, para os seus familiares e coidadores e para o resto de socios colaboradores.
  - Proporcionar orientación e apoio a aquelas familias de persoas afectadas que así o precisen.
  - Mellora-la calidade de vida dos afectados e familiares, a través das actividades promovidas dende a asociación e a posta en marcha de novas iniciativas, segundo as súas demandas e necesidades.
  - Atende-las necesidades diarias de aquelas persoas que acudan á Asociación, realizándolles as xestións oportunas para o seu benestar.

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

2.2.- SOCIOS

A 31 de decembro de 2017 ADACE LUGO conta con 278 socios distribuidos da seguinte maneira:



FONTE: ADACE 2017

Según o tipo de dano cerebral adquirido están distribuidos do seguinte xeito:



FONTE: ADACE 2017

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

2.3.- XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva de ADACE LUGO esta formada polas seguintes persoas:

- Presidenta: M.ª Ángeles Rozas Domínguez
- Vicepresidente: Fernando Galdo Rego
- Secretaria: Beatriz Fernandez Herrero.
- Tesoureira: Erundina Rodriguez Lurigados.
- Vogais: Laura Abeledo Lameiro e Vanesa Valiño Pérez

2.4.- EQUIPO TÉCNICO

O equipo técnico de ADACE LUGO está formado polos seguintes profesionais:

- Neuropsicologo
- Logopeda
- Terapeuta Ocupacional
- Fisioterapeuta
- Traballador social
- Auxiliar de enfermería.

Ata o mes de setembro a plantilla tamén estaba formada por auxiliar de enfermeria e fisioterapeuta, a través dos programas de cooperación da Xunta de Galicia.

O traballo de todolos técnicos vai encamiñado a responder ás demandas dos socios/as, intervindo para paliar as súas necesidades, respondendo cos recursos e medios existentes o alcance dos usuarios, tratando de conseguir como fin último a maior autonomía persoal posible. Tratarán de ofrecer unha información o máis completa e realista posible, asesorando e prestando o apoio necesario, promovendo sempre a mellora da calidade de vida dos usuarios e a súa mellor integración na sociedade e no seu entorno

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

3.- ACTIVIDADES DURANTE 2017

3.1.- PROGRAMAS DE ADACE LUGO

Entre as actividades que realiza a Asociación de Dano Cerebral Adquirido de Lugo atopámonos as seguintes:

- Acollida, información, orientación, asesoramento e apoio ós afectados de DCA, ,nas distintas fases do proceso .
- Información e orientación en trámites e xestións, ós familiares de afectados. Derivacións a servicios específicos se é necesario.
- Apoio e acompañamento durante algunha etapa do proceso sobrevido.
- Prevención, sensibilización e divulgación da problemática do DCA. Sensibilización na Comunidade. Difusión do DCA e a situación na que se atopan as persoas que o sufren.
- Atención y Rehabilitación social e psicolóxica dos afectados de DCS e das súas familias.
- Programa de Voluntariado
- Actividades de Ocio e Tempo de Lecer
- Centro de Día de Atención Terapeutico media estancia
- Autonomia persoal e Rehabilitación Funcional : fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional e neuropsicoloxía.
- Progama de Atencion a Familias. Grupos de axuda mutua

- **Obxectivo xeral:**

  Poñer a disposición dos propios afectados os apoios necesarios para reducir ó máximo o grao de dependencia, potenciando a súa recuperación funcional e autonomía funcional co fin de mellorar a súa calidade de vida.

- **Obxectivos específicos (cos afectados):**
  - Crear as condicións necesarias para que se produza a integración real no seo familiar da persoa afectada por dano cerebral.
  - Evitar o abandono ou a sobreprotección familiar.
  - Potenciar a súa autonomía persoal e competencia social.
  - Mellorar a súa calidade de vida o través da utilización real da súa capacidade de decisión e autodefensa.

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

- Favorecer un espazo de relación con outros afectados onde poidan compartir emocións e experiencias.
- Apoiar a aquelas persoas que requiran ou decidan residir no domicilio familiar.
- Dotar das habilidades sociais necesarias para lograr un maior desenvolvemento no entorno.
- Potenciar a participación de cada usuario no desenrolo político, socioeconómico, cultural e ambiental da comunidade.
- Adquirir as habilidades básicas necesarias que lles permitan actuar ante as demandas do medio e desenvolverse no mesmo.
- Capacitar o individuo para desenrolar as actividades mais significativas dentro dos seus roles persoais da maneira mais independente posible.
- Dotar das destrezas necesarias que permitan desenrolar actitudes de responsabilidade por medio da mellora de habilidades atendendo ás capacidades individuais de cada un.
- Potenciar hábitos de traballo en grupo e individualmente.

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

3.2.- CENTRO DE DIA TERAPEUTICO DE MEDIA ESTADIA

Este programa ten como obxectivo principal, manter as capacidades recuperadas despois do proceso inicial de rehabilitación.

O centro ten 10 prazas concertadas ca Xunta de Galicia.

Trátase dun servizo de atención diurna terapéutica de media estadia para persoas dependentes con dano cerebral adquirido, que residindo nos seus propios fogares , precisen dunha serie de coidados e atencións de carácter persoal, social e terapéutico , orientadas principalmente a rehabilitación das capacidades físicas, cognitivas e sensoriais , e a promoción da autonomía persoal e mellorar a calidade de vida dos usuarios e as súas familias**.**

O longo do ano 2017 tivemos 20 usuarios diarios no centro . Dos cales 10 eran en grupo de mañá e 10 en grupo de tarde.

O horario do centro é : De luns a venres de 10:00 a 14:00 horas en horario de mañá e de 16:00 a 20:00 horas en horario de tarde.

Realizanse actividades grupais e individuais, e sempre se adaptan as capacidades dos usuarios.

Algunhas das actividades realizadas o longo do Ano 2017 no Centro:

- Piscina
- Boccia
- Obradoiros de cociña
- Obradoiros de destreza manipulativa
- Obradoiros de comunicación.
- Arteterapia
- Videoforum

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

O horario de actividades de ADACE :

	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
10:00-11:00	PISCINA 10.30-13.30	ORIENTACIÓN A REALIDADE	TALLER COMUNICACIÓN LECTOESCRITURA	HABILIDADES SOCIALES	BOCCIA
11:00-11:30		MUSICOTERAPIA			
11:00-12:00		DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO	DESCANSO
12:00-12:30		TALER AVD	ORIENTACIÓN A REALIDADE	ESTIMULACIÓN COGNITIVA	PSICOMOTRICIDADE
12:30-13:00					
13:00-13:30				ORIENTACIÓN A REALIDADE	
13:30-14:00		XOGOS	JXOGOS	XOGOS	XOGOS
16:00-17:00	ORIENTACIÓN A REALIDADE	ORIENTACIÓN A REALIDADE	MOVÉMONOS	BOCCIA	ORIENTACIÓN A REALIDADE
17:00-17:30	DESTREZA MANIPULATIVA				
17:30-18:00		DESCANSO	DESCANSO		DESCANSO
18:00-18:30	DESCANSO	TALLER COMUNICACIÓN LECTOESCRITURA	ESTIMULACIÓN COGNITIVA	DESCANSO	TALLER ESPECÍFICO POR ÁREA
18:30-19:00	PSICOMOTRICIDADE			MANUALIDADE	
19:00-19:30					
19:30-20:00	XOGOS	XOGOS	XOGOS	XOGOS	XOGOS

Actividade de arteterapia, reliazada por voluntarios

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

3.3.- PROGRAMA DE AUTONOMIA PERSONAL E RECUPERACIÓN FUNCIONAL

Este programa ten como obxectivo principal lograr unha recuperación funcional e autonomía persoal intentando recuperar na medida do posible os déficits afectados despois do DCA.

Son Usuarios deste Programa, persoas afectadas de DCA con idades comprendidas entre os 16 e 99 anos, con posibilidades reais de recuperación e que xa foron dados de alta desde o sistema público sanitario

O longo do ano 2017 atendimos a 65 usuarios dentro do programa.

A metodoloxía de traballo durante todo a programa e participativa e dinámica , xa que non é o mesmo os obxectivos fixados nun primeiro momento coma os que se podan dar despois dun proceso de rehabilitación.

O equipo e multidisciplinar (Neuropsicoloxia, Logopedia, Terapia Ocupacional , Fisioterapia, Traballo social).

As sesións son individualizadas con unha duración media de 30-60 minutos, que se establecen despois unha valoración conxunta por parte do equipo segundo as necesidades de cada persoa.

Dentro do programa de Autonomía Persoal e Recuperación Funcional podemos englobar, aquelas actividades que van dirixidas á recuperación do afectado tanto a nivel cognitivo como físico, tales como : Terapia psicolóxica, Terapia Ocupacional , Logopedia e Fisioterapia.

- **TERAPIA NEUROPSICOLOXICA**

ADACE LUGO conta cunha Neuropsicóloga que realiza terapias de dous tipos, por un lado terapias cos afectados de Dano Cerebral e polo outro Terapias cos familiares dos afectados.

- TERAPIA COS AFECTADOS DE DANO CEREBRAL
  - **Terapias individuais**, son aquelas nas que se traballa co afectado , estas terapias van dirixidas a interiorización do afectado sobre o Dano que lle sobreveu, e dicir: Crear estratexias para afrontar o día a día, a través da comunicación , etc.
  - **Terapias de grupo**, son aquelas nas que se traballa cos afectados a nivel grupal , realizase unha vez a semana , traballase o desenrolo cognitivo a través de distintas actividades e estratexias .
    Entre las terapias de Grupo , ADACE LUGO tamén realiza un obradoiro de memoria para persoas con dano cerebral leve, que se fai todas as semanas durante unha hora, e está impartido e dirixido pola neuropsicologa da Entidade.

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

➢ TERAPIA COS FAMILIARES DE DANO CEREBRAL

Estas terapias de grupo realízanse unha vez a semana , cun grupo de coidadoras de persoas con Dano Cerebral , tratando diversos temas e creando entre todo o grupo estratexias para levar o mellor posible a relación na casa e na familia, afrontando a cambio radical que se produce no entorno familiar, social e económica.

- **TERAPIA OCUPACIONAL**

Realizanse Terapias individuais co obxectivo de capacitar o individuo para realizar as actividades mais significativas dentro dos seus roles persoais da maneira mais independente posible, potenciando a mellora e a calidade de vida do usuario.

A terapeuta Ocupacional da Asociación leva o Grupo de Actividades básicas da vida diaria, que se desenvolve durante toda a semán en dous grupos un de maña e outro de tarde. Realiza tamén obradoiros de destreza manipulativa.

Desde esta óptica, a Terapia Ocupacional en ADACE-LUGO pretende que a intervención basease no entorno real no que se desenvolve o afectado, utilizando actividades normais , que de verdade o suxeito necesita na súa vida diaria , na vida laboral e no tempo de ocio.

A terapeuta ocupacional realiza tamén asesoramento sobre productos de apoio e adaptacións no fogar.

- **LOGOPEDIA**

A Logopeda da Asociación , realiza Terapias individuais con cada un dos afectados, co fin de mellorar a integibilidad na fala dos usuarios, para proporcionarlles unha maior autonomía e unha mellor relación cos demais.
Nestas terapias individuais traballase a respiración, a fonación e a articulación.

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

Algunhas das actividades a desenrolar pola Logopeda , para obter o Obxectivo Principal:

- *Traballar a Comprensión,* mediante textos adaptados a cada usuario, realizarase a través da lectura e as posteriores preguntas relacionadas, dando axuda se fora necesario.
- *Repetición ,* con sílabas e frases illadas o pertencente a un texto, indicando o punto correcto da articulación do fonema a traballar .
- *Lectura,* empregaranse textos de diferentes rexistros para conseguir a modulación da voz, con diferentes sons.
- *Escritura*, se está conservada principalmente a motricidade fina traballaremos coa copia.
- *Fluidez*
- *Articulación*, mostraremos o punto correcto da articulación de aqueles fonemas que resulten alterados , traballaremos 1º a súa pronunciación illada logo coas verbas que a conteñan.
- *Fonación*

- **FISIOTERAPIA**

➢ FISIOTERAPIA INDIVIDUAL

A rehabilitación funcional persegue lograr o máximo de independencia funcional do paciente, enfocando as técnicas de tratamento a vida real e axustando as expectativas do paciente e os familiares , que en moitas ocasións son irreais.

As técnicas utilizadas son:

- Mobilizacións pasivas, activo-asistidas. Activas dos membros.
- Estimulación neuromuscular propioaceptiva: Bobath , Kabat.
- Inhibición da espacticidad.
- Reeducación da marcha.
- Traballo de equilibrio en sedestación e bipedestación.
- Tratamento das posibles complicacións se aparecesen, perna dolorosa, …
- Reeducación postural e economización do esforzo.

➢ FISIOTERAPIA GRUPAL

Grupos reducidos con características similares nas que os participantes desenrolan as actividades de forma autónoma , con supervisión e/ou con axuda do fisiterapeuta.

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

Estas actividades acostumáranse a incluírse dentro de xogos para manter a atención dos afectados o maior tempo posible.

Os obxectivos a acadar son os seguintes:

- Mantemento das capacidades físicas: coordinación , equilibrio, forza;..
- Intercambio de experencias entre os afectados, o darse conta que existen persoas con dificultades similares.
- Mellorar a sociabilidade.
- Mellorar a autoestima.
- Disfrute das actividades realizadas.

As actividades realizadas son:

- Exercicios de coordinación , equilibrio , forza, puntería.
- Marcha con variantes.
- Exercicios de motricidade fina, mobilización de Obxectos.
- Actividades deportivas similares os deportes adaptados.
- Relaxación e autoestiramentos.

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

3.4.- OCIO E TEMPO LIBRE

LABORTERAPIA

Realízase durante o ano, semanalmente un obradoiro cos afectados de Dano Cerebral, co obxectivo de socializar e mellorar a autoestima; mellorar a atención e a concentración; traballar a psicomotricidade fina Estes traballos son vendidos co fin de recadar fondos para asociación , nun mercadiño que se celebra no Concello de Lugo, no mes de decembro , no que participan tódalas asociacións da cidade e na propia sede da Asociación.

BOCCIA

Boccia é un xogo deseñado para persoas con discapacidades, inspirado no xogo de orixe italiano bocce e aceptado como deporte paralímpico en 1984. Pode ser xogado por deportistas en cadeira de rodas con discapacidades totais ou parciais nas súas extremidades. Os xogadores lanzan as bolas cas mans ou pés (excepto os que utilizan canaleta ou rampa se é o caso de discapacidade máis severa).

RESPIRO FAMILIAR

Os días 5, 6 e 7 se maio de este ano os usuarios disfrutaron dun respiro familiar, nesta ocasión acompañados de técnicos e voluntarios da Asociación desprazaronse a Ribadeo, onde se realizaron visitas a Praia das Catedrais, a Illa Pancha e o Porto de Ribadeo.

Ademáis realizáronse xogos e actividades. O respiro estivo cofinanciado por FEGADACE.

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

CELEBRACIÓNS

Festa de Entroido (27/02/2017)

Visita Musical, este ano realizáronse dúas, unha para celebrar o fin do curso escolar (15/06/2017) e outra para celebrar o nadal (21/12/2017)

Samaín

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

SAÍDAS DE OCIO

Torneo de Boccia con Cogami. Realizáronse dous, en abril e decembro.

I Torneo de boccia con familiares (25/03/2017). Primero xuntamonos nun almorzo conxunto e despoios realizaouse a actividade, que tivo unha gran acollida entre os participantes.

Arde Lucus (30/06/2017)

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

Festa do cine (17/10/2017)

Gala Lugo Máxico (02/05/2017)

Comida do Cocido de Entroido (24/02/2017)

ADACE LUGO
SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
F: 982243503 – 663085391
ail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

Visita Garatuxa e Picnic (03/06/2017)

Pulpada San Froilán (06/10/2017)

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

4.- OUTRAS ACTIVIDADES

4.1. ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E CAPTACIÓN DE FONDOS.

- *Charlas informativas en colexios da Cidade, en colaboración ca DGT:*

Durante o ano realizáronse charlas informativas en Centros escolares da Cidade de Lugo, onde se tratou de sensibilizar sobre o dano cerebral adquirido, como consecuencias de traumatismos craneoencefálicos, derivados de accidentes de tráfico.
Nestas charlas os técnicos de ADACE apoiaronse en material audiovisual de testemuñas que sufriron accidentes de tráfico e realizaron unha segunda parte máis práctica, onde os rapaces se puxeron no lugar da xente con dano cerebral adquirido, a través de un slalon de movilidades, un slalon sensorial e un slalon cognitivo.
Esta campañas realízase anualmente en colaboración ca Dirección General de Tráfico.

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

- *Mercadillo Solidario Diversiarte:*

Os días 13, 14 e 15 de decembro ADACE LUGO participou no mercadillo solidario DIVERSIARTE, que organiza o Concello de Lugo e onde participan todas as asociacións do ámbito da discapacidade na provincia. Neste mercadillo puideronse vender productos realizados polos usuarios da Asociación, así como servir de punto de información e sensibilización.

- *Visitas de autoridades a ADACE LUGO:*

Visita dos Concellais Antonio Ameijide e Mari Teijeiro, para coñecer as instalacions e as actividades que se realizan na Asociación.

Visita da Deputada Provincial Sónsoles López, para coñecer ADACE LUGO.

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

4.2.- .- DIA DO DCA

O día 26 de outubro commemorase o día do Dano Cerebral Adquirido, e desde ADACE LUGO instalaronse varias mesas informativas, para sensibilizar sobre esta problemática.

Mesa informativa na Praza Maior diante do Concello, Lectura do Manifesto, acompañados de todas as Autoridades Locais.

Mesa Informativa na Deputación Provincial de Lugo

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

Mesas Informativas nos Hospitais de
Monforte, Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo, e Hospital da Costa en Burela.

Mesa informativa no Centro Comercial As Termas de Lugo

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org

5.- TRANSPARENCIA

5.1. COLABORACIÓNS

- Concello de Lugo. Rehabilitación e mantemento da sede social: 8.000€
- Deputación Provincial de Lugo. Gastos de contratación neuropsicólogo: 12.000€
- Xunta de Galicia. Conselleria de economía, emprego e industria. Programas de cooperación: 34.290€
- Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade: "Autonomía persoal e recuperación funcional": 7.765,76€
- FEGADACE: Convenio para prestación de servizos dentro do marco do programa de atención ambulatoria, rehabilitación funcional e insercción social: 21.849,88€.
- FEDACE. Convocatoria IRPF: Programa de información: 16.000€. Programa de autonomia: 8.416,67€

ADACE LUGO
AVDA. ADOLFO SUAREZ Nº 4 LOCAL B 27003 LUGO
TELEF: 982243503 – 663085391
e-mail: correo@adacelugo.org
www.adacelugo.org